


## MEMORIA DESCRIPTIVA

<b>Nivel educativo</b>	<b>BACHARELATO</b>	<b>Soporte</b>	<b>PEN DRIVE E PAPEL</b>
<b>TÍTULO</b>	<b>A ESMORGA: PERCORRIDO CULTURAL POLA CIDADE DE OURENSE</b>		
<b>TEMA</b>	<b>PARTINDO DA LIÑA ARGUMENTAL DA ESMORGA TRATAMOS DE PREPARAR UN PERCORRIDO POLO OURENSE ARTÍSTICO, HISTÓRICO, MITOLÓXICO, ARQUITECTÓNICO, CIENTÍFICO QUE LLE APORTE AS FERRAMENTAS NECESARIAS PARA INTERPRETAR E COÑECER A REALIDADE DUNHA CIDADE</b>		
<b>CENTROS</b>	<b>IES CIDADE DE ANTIOQUIA e IES LAGOA DE ANTELA</b>	<b>DATA</b>	<b>XUÑO 2010</b>
<b>AUTORES</b>	<b>VICTOR JAVIER PEREZ BALTAR CONCEPCION RUA GONZALEZ TOMAS GARCIA GARCIA JESUS MANUEL VAZQUEZ</b>	<a href="mailto:vpbaltar@edu.xunta.es">vpbaltar@edu.xunta.es</a> <a href="mailto:conchita@edu.xunta.es">conchita@edu.xunta.es</a> <a href="mailto:tomas.garcia@edu.xunta.es">tomas.garcia@edu.xunta.es</a> <a href="mailto:susovazquez@edu.xunta.es">susovazquez@edu.xunta.es</a>	
<b>CATEGORIA</b>	<b>BACHARELATOS</b>		
<b>MODALIDADE</b>	<b>INTRODUCCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS NA AULA DIXITAL</b>		



PORTADA	1
INDICE	2
AGRADECEMENTOS	4
I. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO	5
II. OBXECTIVOS	6
III. CONTIDOS DESENVOLVIDOS	
IV. METODOLOXIA	10
V. TEMPORALIZACIÓN	11
VI. ACTIVIDADES REALIZADAS	13
VII. CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN	14
VIII. INDICADORES E INCIDENCIA NA PRÁCTICA EDUCATIVA	15
IX. MECANISMOS ESTABLECIDOS PARA A COORDINACIÓN	17
X. MATERIAIS ELABORADOS	18
XI. RELACION DETALLADA DOS DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN	19



**Ligazóns activas:**

**Esmorga-gt.blogspot.com**

[esmorga.gt@gmail.com](mailto:esmorga.gt@gmail.com)

[www.xornal.com/...eduardo-blanco-amor.../2009120119103857214.html](http://www.xornal.com/...eduardo-blanco-amor.../2009120119103857214.html)

[www.letrasdagaliza.com/interior.php?txt...lg...](http://www.letrasdagaliza.com/interior.php?txt...lg...)

[http://gl.wikipedia.org/wiki/A\\_esmorga](http://gl.wikipedia.org/wiki/A_esmorga)

<http://www.laregion.es/noticia/105851/ourense/festival/cine/ouff/homenaje/blanco/amor/esmorga/parranda/>

[http://html.rincondelvago.com/a-esmorga\\_eduardo-blanco-amor\\_5.html](http://html.rincondelvago.com/a-esmorga_eduardo-blanco-amor_5.html)<http://www.loseskakeados.com/joomla/>

[www.laregion.es/.../eduardo/blanco/amor/esmorga/](http://www.laregion.es/.../eduardo/blanco/amor/esmorga/)

<http://www.ourense3d.com/>

1.-Romance Novo d´A Esmorga.mp3

9.-O onte (Triste amor).mp3

[http://www.turgalicia.es/sit/ficha\\_datos.asp?crec=26818&ctre=1144&cidi=E](http://www.turgalicia.es/sit/ficha_datos.asp?crec=26818&ctre=1144&cidi=E)

<http://www.paxinasgalegas.es/fiestas/jard%C3%ADn-del-pos%C3%ADo-ourense-5577.html>

<http://www.guiarte.com/ourense/que-ver/as-burgas.html>

[http://es.wikipedia.org/wiki/Las\\_Burgas](http://es.wikipedia.org/wiki/Las_Burgas)

<http://www.ourense.com/as-burgas-ourense/>

<http://dialnet.unirioja.es//articulo?codigo=665098>

[http://es.wikipedia.org/wiki/Aguas\\_termales](http://es.wikipedia.org/wiki/Aguas_termales)

## **AGRADECEMENTOS**

*Cando se pensa en toda a información que manexamos, elaboramos ou consultamos, dámonos conta da cantidade de persoas que nos axudaron neste proxecto, que aínda que pode parecer modesto pola súa extensión, non o é nas súas posibilidades didácticas, e isto foi así en parte debido aos colaboradores.*

*Temos que destacar a **Anxeles Cuña**, que desinteresadamente permitiunos traballar co libreto da obra de *A Esmorga*, que durante o pasado curso estivo representando o grupo Sarabela en toda Galicia e que este curso representaremos alumn@s e profesor@s de Xinzo.*

*Igualmente temos que agradecerlle a **Eva Sotelo** da Librería Torga a busca bibliográfica que realizou sobre literatura que falase de Ourense, aportándonos un apartado literario que xa forma parte da biblioteca do noso Centro, e que poderá ser utilizada por alumnos e calquera outra persoa interesada en afondar sobre a literatura sobre Ourense, ademais de ser utilizada profusamente no traballo que presentamos.*

*Outro agradecemento especial que temos que facer é ó Departamento de Galego do IES Cidade de Antioquía, ás súas profesoras **Xosefa Salgado** e **Asunción Caneda**, polas súas axudas para as “pequenas” correccións, súas lecturas de libros e o seu apoio constante.*

*E finalmente, a nosa compañeira do IES idade de Antioquía **Esther Casal**, que está a desenvolver cos alumn@s e profesores do centro a obra teatral de *A Esmorga*, o que supón un extra de motivación para que os alumn@s participen activamente en todo este proxecto educativo global.*

*Tamén e indispensable foi a colaboración de **Ignacio Tudela de la Fuente** polo seu traballo de resolución de problemas informáticos e de busca de fontes de información sobre o cemiterio de San Francisco, bases musicais ou outras fontes que trataran o tema da *A Esmorga*.*

*Este proxecto de innovación xurde dunha unidade que elaboramos como grupo de traballo, baixo a asesoría de **Aurora Pazos**, do CEFOR de Ourense, sobre a obra da *Esmorga* e a cidade de Ourense. Foron as posibilidades que atopamos no mesmo traballo o que en todo momento nos motivou a continuar co mesmo e a abrir novas visións do mesmo, novos obxectivos e novas ideas. Foi como si dun tronco inicial fosen saíndo polas, das que a súa vez xurdían outras máis pequenas e así sucesivamente*

*E por último, pero non en orde de importancia, a **Gena Borrajo**, de EDUGA: Revista Galega do Ensino, que nos axudou na publicación dunha pequena parte do traballo, mellorando dita experiencia, dándolle forma e traballando cóbado con cóbado con nós.*

## **I.-XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**

*A idea para desenvolver este proxecto xurde da conmemoración dos 50 anos da publicación de *A Esmorga*, obra de Eduardo Blanco Amor que ten lugar na cidade de Ourense. O xerme inicial ocorréusenos mentres preparábamos a asistencia dos nosos alumn@s á representación teatral de *A Esmorga* polo grupo de Sarabela no Auditorio de Ourense. Tiñamos dende fai tempo a idea de facer un traballo sobre esta obra e a súa relación coa cidade de Ourense. Así comezamos a preguntarnos que aprendizaxes poderían ser útiles para os nosos alumnos, que oferta de actividades poderían conformar un abano de posibilidades de cara ó coñecemento, á interpretación e a comprensión dun entorno urbano, e sobre todo como utilizar as novas tecnoloxías das que dispomos nos centro para mellorar as súas competencias e as súas aprendizaxes.*


*Pareceunos interesante que os alumnos de bacharelato, partindo da liña argumental da novela, fixeran un percorrido pola Historia, Arte, Mitoloxía, Arquitectura e Literatura que foron conformando **o que a cidade é na actualidade**, e tamén, e isto démonos conta na elaboración do traballo, **do que somos hoxe en día nós**. Aproveitamos este traballo para dar unha visión global e multidisciplinar de Ourense, para o cal interviron moitos profesores de distintas áreas proporcionando previamente as estratexias metodolóxicas e as tecnoloxías máis axeitadas ás posibilidades do alumnado.*

*Tratamos de mellorar diversas competencias no alumnado, utilizando para elo as TICs como medio inicial para que eles/as sexan quen de desenvolverse axeitadamente nun contexto urbano e poder aplicar estas tarefas con posterioridade con eficacia noutros contextos ou contornos urbanos.*

*Os profesores de cada materia aportaron unha visión particular no tratamento da información tratando de chegar á consecución das competencias básicas dun xeito conxunto, buscando sempre que as actividades fosen significativas e contextualizadas.*

*Tratamos de ofertar ós alumnos/as unha **visión integradora** da realidade e fuxir así dos compartimentos estancos tan frecuentes na educación, de asumir compromisos e artellar un xeito máis participante, implicando así ao alumn@ no seu proceso educativo. Son os alumn@s os que han de ser capaces de, partindo das presentacións didácticas utilizando as TICs, ser quen de buscar e tratar diferentes fontes de información, de intercambiar información, de presentalas no seu caso, de asumir os seus roles no grupo, de resolver as dúbidas...E todo isto sen deixar de lado os métodos “tradicionalis” de aprendizaxe (enciclopedias, novelas, libros de texto, mapas, revistas, periódicos...). Un obxectivo que nos marcamos foi a simultaneidade das fontes clásicas cas actuais TICs.*

*Intentamos en suma de que o alumno se aproximase á realidade dun xeito práctico e*  
**CONVOCATORIA PREMIOS INNOVACIÓN EDUCATIVA 2010**



*que isto supoña un aprendizaxe significativo.*


*Unha vez que comezamos o traballo, e a medida que víamos as posibilidades didácticas que se nos ían abrindo, non tardamos moito en darnos conta que excedía en moito a temporalización prevista no grupo de traballo. Decidimos conxuntamente non limitarnos por esa duración do proxecto inicial, senón deixar que o mesmo traballo nos fora levando paseniño a abrir novas portas, a explorar novas vías de coñecemento e información que puidesen ser útiles aos nosos alumn@s e, por que non dicilo, a nós mesmos como persoas interesadas na cultura. Temos que citar que neste traballo facemos referencia a aspectos “propios” dos departamentos de ciencias sociais, linguas estranxeiras, historia do arte, bioloxía, física e química, educación física, galego, lingua castelán, grego/latín, relixión... e a outros moitos aspectos que non sempre están presentes no proceso educativo, por exemplo teatro, a arte e a literatura centrada en Ourense, a historia dunha cidade do medievo e, por suposto, os movementos culturais que fixeron de Ourense unha auténtica Cidade da Cultura no século XX,*

*Ó longo do grupo de traballo démonos conta da necesidade de aportarlle ós alumn@s unha visión da evolución da arquitectura urbana, para que comprendesen a historia como un fenómeno de continuidade e non como unha sucesión illada de tempos, épocas ou estilos.*

*O que pensaba ser unha referencia histórico cultural á época na que se desenvolvía a obra de A Esmorga, converteuse nunha presentación moi visual, e pensamos que motivadora e interesante, do que foi Ourense ó longo dos últimos séculos, das murallas, das rúas, dos gremios, das prazas... do que somos e de onde vimos en definitiva. Era tratar de dar a idea de secuencia histórica como un proceso evolutivo*

*Introducíronse novas preguntas no percorrido cultural por Ourense sobre temas científicos (bioloxía, química...), porque pensamos que había algunha carencia nese aspecto.*

*E finalmente fixemos un traballo onde se relacionaba a mitoloxía, os seres fantásticos que aparecen en Ourense cas persoeiros da Esmorga. É unha visión subxectiva, nova, e quizais, arriscada do que D. Eduardo Blanco Amor quixo representar coas súas persoeiros.*



## **II. OBXECTIVOS**

### **OBXECTIVOS PROPOSTOS / OBXECTIVOS ACADADOS**

*Os obxectivos que buscabamos con esta actividade ían encamiñadas a mellorar as competencias seguintes nos nosos alumn@s:*

- 1º A competencia social e cidadá*
- 2º A competencia para aprender a aprender*
- 3º A competencia para a autonomía e iniciativa persoal*
- 4º O tratamento da información e competencia dixital*
- 5º A competencia para o coñecemento e interacción do mundo físico*
- 6º A competencia en comunicación lingüística*

*Consideramos que as tarefas propostas nesta Unidade Didáctica multidisciplinar, porque ao final iso é o que elaboramos, van a desenvolver as competencias anteriores sobradamente. Aínda que a maior parte do traballo realizámolo en grupo, cada un de nós traballou en función do interese que buscarse espertarnos seus alumn@s; aos seus aportes baseáronse na súa experiencia e os seus coñecementos, convertendo esta parte de traballo individual, da que cada profesor@ se responsabilizou autonomamente, no punto de partida para posteriormente incorporar a súa parte no bloque conxunto do grupo.*

*Os profesores participantes tiveron presente á hora de elaborar a súa proposta dar unha visión global da historia, arte, vida cultural, científica, literaria e humana dunha cidade, neste caso Ourense, pero a vez terán usado os mecanismos (ofertados mediante as TICs) máis axeitados para ser quen de elaborar, presentar ou buscar información sobre calquera tema que sexa para eles relevante ou interesante sobre calquera outro acontecemento ou lugar. Trátase en resumo de facer ós profesor@s motores da inquiredanza e a autonomía no aprendizaxe dos seus alumn@s.*

*É, como dixemos no proxecto inicial deste grupo de traballo, función dos profesor@s que esta diversidade de obxectivos e competencias resulten integrados nun proxecto educativo común que teña como fin último, ofertar aos alum@s as ferramentas que permitan facer máis doado interpretar, e polo tanto integrarse ao alumn@ nunha sociedade. O principal obxectivo foi que o profesorado envolto busque a utilidade dos diferentes contidos de cara a un coñecemento final global e funcional, xa que pensamos que esta é unha realidade imprescindible e, en moitos casos, tamén é unha carencia notable no proceso educativo en ocasións. É a INTEGRACIÓN CURRICULAR na educación. O punto de partida non son os coñecementos aportados por cada materia, senón a realidade que temos que entender, interpretar e convivir con ela. Tratamos de por, primeiro ós profesores, e por ende, despois ós alumnos/as, nunha situación problemática actual dándolle previamente axuda para atopar-las fontes que así como as ferramentas para superala, e todo isto dun xeito global e integrador.*

### **III. CONTIDOS DESENVOLVIDOS**



*Ao remate do proxecto fixemos referencia en menor un maior grao aos seguintes **contidos**:*

*1º Expresións artísticas en Auria: Creadores ourensáns (escritores, escultores, pintores..)*

*2º Evolución histórica da cidade de Ourense: Portas, Murallas, Rúas, Prazas e Gremios*

*3º Tres épocas, tres estilos: Arquitectura Civil e relixiosa en Ourense*

*4º Interpretación de planos urbanos: localización no plano do percorrido de A Esmorga*

*5º Interpretación dos espazos naturais urbanos: Xeoloxía, Química, Botánica...*

*6º Coñecemento e Comprensión da obra “A Esmorga”*


*7º Recreación dunha adaptación desta obra de Blanco Amor*

*8º Mitoloxía en Ourense: relación entre sexualidade, mitoloxía, personaxes de A Esmorga*

*9º Creación dun blog*

*10º Lectura dos libros que falan da zona onde se desenvolve a novela de Blanco Amor*

#### **IV.METODOLOXÍA**



*Os alumnos traballaron en diferentes grupos: pequenos grupos, gran grupo, en parellas, e individualmente en función de que parte do proxecto estiveran elaborando.*

*No traballo de elaboración dos materiais os profesores seleccionaron, analizaron e valorizaron a información (utilizando preferentemente as TICs dispoñibles) máis relevante de cara aos alumn@s para a realización do traballo do percorrido por Ourense, buscando sempre a utilidade das aprendizaxes. Así tratamos en cada materia de dar unha visión global dos temas que ían ser motivo de investigación ao longo da actividade. Procurouse non particularizar nas respostas concretas ás preguntas do percorrido (agás aquelas que sobre a arquitectura civil ou relixiosa necesitasen dunha rápida resposta). Tratamos de darlles os instrumentos necesarios para que o grupo dispoña dos coñecementos necesarios para a resposta. Por exemplo, falámoslle previamente da lei de Mendizábal, pero son eles quen de atopar os seus resultados por Ourense (fontes que cambiaron de sitio...); ou outro exemplo: falamos dos diferentes tipos de enterramentos urbanos, pero eles han de atopar un cemiterio urbano en desuso e o porque da súa situación. Tratamos sempre de favorecer a discusión do grupo, de que eles INTERPRETEN o que van atopando e o porque das cousas .*

*A metodoloxía usada tivo un enfoque integrador para permitir que os diferentes grupos traballen en función dos seus intereses e de acordo coas súas diferenzas, buscando sempre unha actitude responsable e crítica. Cada alumn@ ten a súa función dentro do grupo e tamén de xeito individual, que terá que realizar de cara á valoración final do traballo conxunto, é dicir, ten que responsabilizarse ante o seu grupo.*

*Estes dous procedementos de traballo déronnos unha visión global das carencias e das posibilidades, así como tamén nos van permitir abrir novas vías de investigación e traballo*

*Esta actividade pasou de considerarse polos alumn@s como un día libre a converterse nunha actividade nuclear en primeiro curso de bacharelato. Moitos alumn@s leron o libro de Blanco Amor, pero tamén moitos seguiron lendo as outras lecturas (en galego e castelán) que falan de Ourense. Posiblemente, e como nos pasou a algún de nós, mirarán doutra forma ás Burgas, á catedral coas súas harpías, titáns, sereas ou sibilas, a Praza Maior de Ourense cos seus barbeiros arrincando moas nos soportais ou a praza da sal, do coiro... Ao mellor explican a algún amigo algo sobre as murallas ou os médicos xudeos, ou sobre que o arquitecto da reforma da Igrexa Vella de Xinzo e o do Edificio de Caixanova foron o mesmo. Sempre se pode argumentar que este é un aprendizaxe por “anécdotas”, pero ¿non é, ás veces, un feito curioso ou sorprendente para nos o quen os leva a seguir na busca de outros coñecementos?*

## **V. TEMPORALIZACIÓN**

*O desenvolvemento deste proxecto educativo levouse a cabo en forma de grupo de traballo ao longo do ano 2010, entre os meses de febreiro a xuño. Durante o primeiro mes fixemos unha recompilación de aquilo que pensamos interesante de ser coñecido por alumn@s de bacharelato. Fixemos despois un total un seis reunións xunto cunha de docencia para a elaboración do blog e o uso de determinados medios informáticos (pantalla dixital), así como varios recorridos por Ourense para preparar ou modificar as preguntas para os alumn@s. De todos os xeitos o bloque fundamental do traballo consistiu no traballo individual de cada profesor sobre a súa materia, pero recordando sempre que o obxectivo era o coñecemento global que buscábamnos para os nosos alumnos. Utilizamos frecuentemente reunións a dous e a tres cando as circunstancias así o requirían.*

*A temporalización das reunións de todo o grupo (recordamos que houbo máis profesor@s que participaron nas reunións) foi a seguinte dun xeito moi resumido*

*1ª Reunión: 17/03/2010*

*1. Constitución do grupo e revisión do proxecto 2. Exposición dos traballos individuais. Novas ideas 3. Datas das reunións 4. Fixar datas para a sesión de docencia sobre elaboración do blog materiais*

*2ª Reunión: 21/04/2010*

*1. Evolución dos traballos propostos na primeira reunión. 2. Novas propostas de liñas de traballo. 3. Avaliación de realizar un traballo sobre o Ourense medieval, facendo fincapé nas murallas, portas, rúas, prazas, gremios en Ourense, así como do seu rastro na obra de Blanco Amor*

*3ª Reunión: 05/05/2010*

*1. Evolución dos diferentes traballos propostos. 2. Posta en común 3. Presentación de novas preguntas sobre o percorrido Posibilidades para ter a sesión de docencia Rogos e preguntas 4. Elaboración en FLASH do tema de bioloxía e parques urbanos*

*4ª Reunión: 06/05/10*

*1. Presentación do traballo: mitoloxía en Ourense. Relación cos persoeiros de a Esmorga. 2. Elaboración dun power point co traballo de portas, rúas, prazas e murallas de Ourense 3. Evolución da representación teatral. Cambio de escenario*

*5ª Reunión: 12/05/10*

*SESIÓN DE DOCENCIA: ELABORACIÓN DE UN BLOG RELATOR: SUSO VAZQUEZ*

*6ª Reunión: 19/05/2010*

*SESIÓN PRÁCTICA: REALIZACIÓN DO PERCORRIDO CULTURAL POR OURENSE*

*7ª Reunión: 26/05/2010*

*ÚLTIMA SESIÓN: PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS EN SOPORTE INFORMÁTICO E EN PAPEL*

*AVALIACIÓN DO GRUPO DE TRABALLO*

*Fixose unha primeira realización práctica cos alumn@s foi no mes de novembro partindo simplemente dun percorrido elaborado sobre a ruta da Esmorga por Ourense. Eran catro grupos de 8-9 alumnos que amosaron un grande interese na actividade, que abriron novos camiños ao traballo posterior e que incluso cas súas preguntas fixeron espertar novas liñas de investigación.*

*Aquela actividade puntual foi a que nos levou a descubrir o potencial que se agochaba nesta estrutura didáctica e o que nos levou a desenvolvela como grupo de traballo primeiro y a presentala como innovación educativa por último, coa seguridade de que coa súa difusión lograrase un enriquecemento da mesma, ao aportar novos grupos novas visións ou achegamentos de outros contidos ou actividades.*

*Posteriormente para a elaboración do proxecto de innovación un grupo de profesores fixemos tres reunións para completar e ampliar o apartado correspondentes ao uso das TICs, e o resultado deses cambios e o que hoxe presentamos como proxecto de innovación educativa.*

## **VI. ACTIVIDADES REALIZADAS**

As **actividades** que propomos para mellorar as capacidades dos alumnos, e así acadar os obxectivos e ir mellorando as competencias individuais son as seguintes.

*1º Elaboración e presentación dos traballos en Power Point: Fontes de información*

*1.1. Tres épocas, tres estilos (Power Point)*

*1.2. Mitoloxía en Ourense ((Power Point)*

*1.3. Ourense Medieval (Power Point)*

*1.3.1. Portas, murallas, prazas, rúas no Ourense medieval*

*1.3.2. Ordes relixiosas en Ourense*

*1.4. Traballo gráfico sobre (Google Earth)*

*1.5. Bioloxía e Xeoloxía na ruta da A Esmorga*

*2º Representación da adaptación teatral da Esmorga*

*3º Realización en grupos do percorrido polo Ourense Artístico (utilización Internet)*

*3.1. Realización do percorrido urbano*

*4º Creación dun blog: [esmorga-gt.blogspot.com](http://esmorga-gt.blogspot.com)*

*Algunha das actividades a desenvolver son preparadas polos profesores, tras a procura de información correspondente polos alumn@s, e outras o son por grupos de alumnos asesorados polo profesor correspondente.*

*O traballo con Google Earth está previsto que sexa elaborado individualmente ou en pequeno grupo polos alumnos unha vez teñan os coñecementos necesarios tanto desta ferramenta TIC como os contidos correspondentes a esta parte. O uso de Google Earth para marcar, elaborar ou preparar rutas proporciona un instrumento moi útil e sinxelo de utilizar para diversas actividades.*

## **VII. CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS**

*Dispomos de diversos métodos de avaliación do traballo, entre eles está nos seguintes:*

*1º Autoavaliación da actividade realizada en Ourense (¿Qué sabíades? ¿Que aprendestes?)*

*2º Participación no blog*

*3º Avaliación dos traballos presentados*

*3.1º Avaliación da avaliación grupal ó remate do traballo*

*3.2º Avaliación individual ou en pequeno grupo cas preguntas optativas*

*3.3º Participación na representación teatral da Esmorga*

*4º Avaliación das aportes dos profesores, persoas interesadas e/ou alumn@s nas presentacións realizadas*

*Procedementos de traballo levados a cabo:*

*Os profesores realizaron previamente un percorrido artístico e cultural por Ourense previamente elaborado polo coordinador do curso, sen coñecelas respostas, e foi aí cando empezamos a ver as múltiples posibilidades que ofrecería esta Unidade Didáctica.*

*Posteriormente a esta actividade realizáronse con distintos grupos de bacharelato as seguintes partes:*

*Os alumnos traballaron en grupos elaboraron e presentaron utilizando as TICs dispoñibles, as presentacións que ían a servir de guía didáctica ao longo do percorrido por Ourense. Cada grupo de traballo elaborou os materiais ou recolleu a información en internet para posteriormente facer as presentacións en pizarra dixital, en power point ou na realización dos traballos propostos polo profesorado previos á realización do percorrido.*

*Os profesores actúan como axuda para atopar a información máis relevante de cara á presentación do traballos previos ao percorrido por Ourense, buscando sempre a utilidade das aprendizaxes.*

*A metodoloxía usada terá un enfoque integrador para permitir que os diferentes grupos traballen en función dos seus intereses e de acordo coas súas diferenzas, buscando sempre unha actitude responsable e crítica. Cada alumna/o ten a súa función dentro do grupo e de xeito individualizado que terá que realizar de cara ó traballo conxunto final, é dicir, ten que responsabilizarse ante o seu grupo. É fundamental favorecer o traballo en equipo pero asumindo roles individuais.*

*Estes dous procedementos de traballo déronnos unha visión global das carencias e das posibilidades, así como nos axudou a abrir novas vías de investigación e traballo*

### **VIII. INDICADORES E INCIDENCIA NA PRACTICA EDUCATIVA**

*Pensamos que este traballo oferta xa hoxe aos nosos alumn@s un coñecemento global, integrador e diverso sobre a cidade de Ourense, a súa historia, a súa realidade, a súa sociedade dende moitos puntos de vista. Así, permítelles entender una sociedade dende un punto de vista evolutivo, que é a única forma de entender unha sociedade actual.*

*Ó ser unha actividade nova, as reflexións serán a posteriori en función do desenvolvemento da actividade e a medida que vexamos as necesidades de reforzar, eliminar, aumentar ou por unha atención preferente nalgunha nova posibilidade que xurda na súa posta en práctica.*

*A única “incidencia” no Centro foi a realización da actividade de “Percorrido artístico por Ourense: seguindo a ruta de A Esmorga” como unha actividade complementaria cos grupos de Bacharelato. A duración da desta actividade é dunha mañá enteira.*

*Propostas de mellora e/ou de continuidade do traballo:*

*Este é un traballo con vocación de perdurar e de ir mellorando cos aportes que se vaian achegando. A educación é unha actividade viva que se retroalimenta a diario. Os profesores que participan na actividade teñen que estar abertos ás informacións proporcionadas polo feed-back que supoña a realización do percorrido.*

### **LOGROS E INCIDENCIA NA PRÁCTICA EDUCATIVA**

*Pensamos que hoxe en día oferta xa aos nosos alumn@s un coñecemento global, integrador diverso sobre a cidade de Ourense, a súa historia, a súa realidade, á súa sociedade dende moitos puntos de vista. Permítelles entender una sociedade dende un punto de vista evolutivo, que é a única forma de entender unha sociedade actual. Así o reflicten eles na súa valoración final da actividade, que fan en grupo e de forma anónima. A súa valoración é moi positiva en todos os aspectos.*

*Organización dos recursos humanos e materiais:*

*As presentacións fanse no horario lectivo de cada curso. Procurouse que todas as presentacións (que nun principio estaba pensadas para que as fixesen os alumnos, pero que mudamos de pensamento ao longo do traballo) foran presentadas nunha sesión de aula de 50’ polo profesor da materia correspondente (Historia do Arte, Latín/Grego, Educación Física, Bioloxía, Galego,...). Isto non suporía ningún impacto negativo na programación dos cursos, e, de feito podería ser moi útil nos contidos e na metodoloxía utilizada na maioría das materias posteriormente. Contamos coas aulas de informática, encerado dixital (presentacións en flash), canóns de vídeo e aula de informática. Os Departamentos implicados dispoñen ou poden dispor do material necesario.*

*Ó ser unha actividade nova, as reflexións serán a posteriori en función do desenvolvemento da actividade e a medida que vexamos as necesidades de reforzar, eliminar, aumentar ou por unha atención preferente nalgunha nova posibilidade que xurda na súa posta en práctica. A única “incidencia” no Centro foi a realización da actividade de “Percorrido artístico por Ourense: seguindo a ruta de A Esmorga” como unha actividade complementaria cos grupos de Bacharelato. A duración da desta actividade é dunha mañá enteira.*

*Propostas de mellora e/ou de continuidade do traballo:*

*Este é un traballo con vocación de perdurar e de ir mellorando cos aportes que se vaian achegando. A educación é unha actividade viva que se retroalimenta a diario. Os profesores que participan na actividade teñen que abertos ás informacións proporcionadas polo feedback que supoña a realización do percorrido.*



## **IX.MECANISMOS ESTABLECIDOS PARA A COORDINACIÓN**

*Como este traballo parte dun grupo de traballo interdisciplinar con numerosos compoñentes, dende a coordinación decidiuse presentar o mesmo á os proxectos de innovación dándolle un novo pulo ao compoñente das TICs.*

*Fíxose un traballo baseado nos elementos previamente elaborados modificándoos para utilizar unha presentación Flash, xunto coas existentes en Power Point e as de Google Earth e Google Maps.*

*Os alumn@s participarán (en diferente grao) nas presentación con canón de vídeo, con pizarra dixital e na realización de percorridos urbanos ca ferramenta Google Earth.*

*Outro punto que traballamos foi as posibilidades de participación dos alumn@s no blog creado a tal fin e ver o xeito máis eficaz de incorporar as súas suxestións máis adiante.*

## **IX. MATERIAIS ELABORADOS**

### *1.-CARPETA CO PERCORRIDO CULTURAL POLA CIDADE DE OURENSE*

*PROXECTO INTERDISCIPLINAR: A RUTA DA ESMORGA*

*1.1. PORTADA*

*1.2. PLANO DO CEMINTERIO DE SAN FRANCISCO*

*1.3. FOLLA EXPLICANDO A ACTIVIDADE NO CEMITERIO DE S. FRANCISCO*

*1.4. NORMAS PARA A REALIZACIÓN DO PASEO*

*1.5. FOLLA DE COMPOSICIÓN DOS GRUPOS*

*1.6. FOLLAS PLASTIFICADAS COAS PREGUNTAS*

*1.7. FOLLAS DE REPOSTAS*

*1.8. FOLLA DE COMPOSICIÓN DOS SUBGRUPOS*

*1.9. FOLLAS PLASTIFICADAS COAS PREGUNTAS OPCIONAIS*

*1.10. FOLLAS DE REPOSTAS AS PREGUNTAS OPCIONAIS*

*1.11. PLANO MUDO DA ZONA DO OURENSE VELLO*

*1.12. AUTOAVALIACIÓN GRUPAL DO TRABALLO*

### *2..-CARPETAS CAS PRESENTACIÓNS TEÓRICAS*

*2.1. SESIÓN DIDÁCTICA SOBRE MITOLOXÍA EN OURENSE*

*2.2. SESIÓN DIDÁCTICA DE HISTORIA DO ARTE*

*2.2.1. VOCABULARIO ARTÍSTICO*

*2.2.2. PERCORRIDO POLO OURENSE ARTÍSTICO*

*2.2.3. OURENSE: TRES ÉPOCAS, TRES ESTILOS*

*2.3. OURENSE MEDIEVAL: A RUTA DA ESMORGA*

*2.4. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA NA RUTA DA ESMORGA*

### *3.-DESENVOLVEMENTO DA REPRESENTACIÓN TEATRAL DE A ESMORGA*

### *4.-BIBLIOGRAFÍA E ESTUDO PORMENORIZADO DA LITERATURA QUE FAI REFERENCIA A OURENSE*

**IX. RELACION DETALLADA DOS DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN  
OS DOCUMENTOS ENTRÉGANSE EN SOPORTE INFORMÁTICO E DE PAPEL**

*1.-CARPETA CO PERCORRIDO CULTURAL POLA CIDADE DE OURENSE*

*PROXECTO INTERDISCIPLINAR: A RUTA DA ESMORGA*

*1.1. PORTADA*

*1.2. PLANO DO CEMINTERIO DE SAN FRANCISCO*

*1.3. FOLLA EXPLICANDO A ACTIVIDADE NO CEMINTERIO DE S. FRANCISCO*

*1.4. NORMAS PARA A REALIZACIÓN DO PASEO*

*1.5. FOLLA DE COMPOSICIÓN DOS GRUPOS*

*1.6. FOLLAS PLASTIFICADAS COAS PREGUNTAS*

*1.7. FOLLAS DE REPOSTAS*

*1.8. FOLLA DE COMPOSICIÓN DOS SUBGRUPOS*

*1.9. FOLLAS PLASTIFICADAS COAS PREGUNTAS*

*1.10. FOLLAS DE REPOSTAS*

*1.11. PLANO MUDO DA ZONA DO OURENSE VELLO*

*1.12. AUTOAVALIACIÓN GRUPAL DO TRABALLO*

*2.-CARPETAS CAS PRESENTACIÓNS TEÓRICAS*

*2.1. SESIÓN DIDÁCTICA SOBRE MITOLOXÍA EN OURENSE*

*2.2. SESIÓN DIDÁCTICA DE HISTORIA DO ARTE*

*2.2.1. VOCABULARIO ARTÍSTICO*


*2.2.2. PERCORRIDO POLO OURENSE ARTÍSTICO*

*2.2.3. OURENSE: TRES ÉPOCAS, TRES ESTILOS*

*2.3. OURENSE MEDIEVAL: A RUTA DA ESMORGA*

*2.4. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA NA RUTA DA ESMORGA*

*3.-BIBLIOGRAFÍA E ESTUDO PORMENORIZADO DA LITERATURA QUE FAI REFERENCIA A OURENSE*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES CIDADE DE ANTIOQUIA  
IES LAGOA DE ANTELA  
XINZO DE LIMIA

*ESTE TRABALLO FOI REALIZADO COMO  
CONMEMORACIÓN DOS 50 ANOS DA PUBLICACIÓN DA  
OBRA DE DON EDUARDO BLANCO AMOR “A ESMORGA”*



*Notas: Todas as fotografías son orixinais, agás algunha das do apartado de arquitectura que son sacadas de Internet, pero sen referencia a Copyright algún*

*No tema de Ourense medieval utilizamos algunhas fotografías e, sobre todo, debuxos cedidos por **Variografik** (adxuntamos a continuación o permiso)*

*O Cefore de Ourense financiou as fotocopias do grupo de traballo inicial así como a sesión de docencia impartida no grupo de traballo inicial. A elaboración deste proxecto de innovación non tivo ningún tipo de axuda ou de financiación externa.*

*O blog está de momento baleiro (pendente da posibilidade dunha posible publicación) esperando para verter todo o contido elaborado nel e facelo de dominio público.*